

Coñece ó noso equipo: M^a DOLORES GARZA GIL, Coordinadora do grupo ERENEA

M^a Dolores Garza Gil é Catedrática de Universidade no Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo. Licenciada en CC. Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela en 1990 e Doutora en CC. Económicas pola Universidade de Vigo desde 1995, obtivo o Premio Extraordinario de doutoramento e a Mención Especial do XXIV Premio Nacional de Publicacións Agrarias, Pesqueiras e Alimentarias do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en 1996.

A súa actividade investigadora xira ao redor da economía dos recursos naturais e ambientais, con marcada especialización nas actividades ligadas ao mundo mariño. Ten sido IP en máis de 15 proxectos de investigación de convocatorias competitivas nacionais e internacionais, dando lugar á publicación en coautoría de máis de 50 libros/capítulos de libro en editoriais nacionais e internacionais de recoñecido prestixio e uns 60 artigos, máis de 30 deles indexados no *Journal Citation Report* (JCR). Ten formado parte de máis de 30 contratos de investigación con diversas institucións públicas e privadas e foi colaboradora do *Scientific, Technical and Economic Committee for Fisheries* (STECF) e do *Scientific Group for Biomass Recovery Evaluation* (SGBRE) - ambos da Comisión Europea - e revisora experta do Panel Intergobernamental sobre Cambio Climático (IPCC).

Actualmente dirixe o grupo de investigación de referencia competitiva ERENEA (Economía dos Recursos Naturais e Ambientais) e é a Directora Académica das Xornadas sobre docencia e investigación de economía aplicada, organizadas pola Asociación Libre de Economía (ALdE).



David Sánchez, Xestor de ECOBAS, trasladase temporalmente a Bruxelas grazas á obtención dunha axuda do CDTI destinada á Capacitación de Xestores

Tras obter unha das 6 axudas concedidas nesta convocatoria nacional, está a recibir formación especializada sobre H2020 por parte da oficina do CDTI en Bruxelas (Oficina SOST).



O Comité Científico Asesor de ECOBAS visita Vigo



Zulima M. Fernández, Lucio Fuentelsaz, Inés Macho e Antonio Villar, integrantes do Comité Científico Asesor de ECOBAS, acodiron ó seu primeiro encontro cos órganos xestores da Agrupación o pasado 12 de maio.



ECOBAS participará no "Encontro de cooperativas Galicia-Norte de Portugal"

O 20 de xuño ten lugar en Valenca (Portugal) un evento de networking sobre cooperativismo e economía social no que participarán representantes de diversas entidades galegas e portuguesas. ECOBAS estará representada por María José Cabaleiro Casal e Carlos Iglesias Malvido.



Preséntase en Pontevedra a nova edición do Pont Up Store

A cuarta edición desta iniciativa para fomentar o emprendemento celebrarase en Pontevedra do 21 ó 23 de setembro. O acto de presentación acodiron representantes dos diferentes organismos patrocinadores e colaboradores. A recepción de candidaturas estará aberta ata o 9 de xullo.

CONVOCATORIAS ABERTAS E EVENTOS DE INTERESE

CONVOCATORIAS NACIONAIS E REXIONAIS:

Fundación BBVA - *Premios Fronteras del Conocimiento*
- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 30 de xuño.

Consello Económico e Social- *Premio de Investigación del Consejo Económico y Social*
- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 14 de xullo.

Fundación de Estudios Financieros- *Premios de Investigación y Estudios Antonio Dionis Soler*
- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 25 de xullo.

Universidade de Vigo- *Axudas predoutorais 2017*
- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 31 de xullo.

CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS:

Fundación Vidanta- *Premio Fundación Vidanta 2017*
- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 31 de xullo.

EVENTOS DE INTERESE:

4-6 de xuño: *I Congreso de Historia do Turismo* (San Xoan de Poio, Pontevedra)

8-9 de xuño: *CIEM2017 - 7º Conferencia Ibérica de Emprendemento* (Esposende, Portugal)

13-16 de xuño: *Emprender en SolíDario. Formación cooperativa para emprendedores/as* (Vigo)

20-21 de xullo : *I Congreso Red Localis* (Ourense)

4-6 de xullo: *XXII Workshop on Dynamic Macroeconomics* (Soutomaior, Pontevedra)